

Arbores  
que dan  
Vida

# Guía do profesorado

Presentación



XUNTA  
DE GALICIA



**ERA**

AXENCIA GALEGA  
DA INDUSTRIA  
FORESTAL



**fearnaga**  
Federación empresarial de aserradores  
y remaneros de madeira de Galicia

## Guía profesorado

### 1. Presentación e obxectivos

‘Árbores que dan vida’ é unha campaña de sensibilización sobre o valor do monte galego para a sociedade dende tres perspectivas: medioambiental, social e económica; promovida pola Federación Empresarial de Aserraderos y Rematantes de Maderas de Galicia - Fearnaga, coa colaboración da Axencia Galega da Industria Forestal - XERA da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

#### Obxectivos:

- Achegar coñecementos sobre o monte e a súa realidade dende un punto de vista multidisciplinar, complementando as áreas de ciencias naturais, xeografía, historia, lingua e literatura.
- Sensibilizar sobre a conservación dos seus valores naturais e patrimoniais e sobre os impactos no monte, nomeadamente o lume.
- Achegar capacidades para unha correcta relación co monte e co medio en xeral.
- Mellorar as habilidades sociais e o debate, así como as habilidades plásticas.

### 2. Contidos

O material está estruturado en 5 unidades:

1. Bosques e montes galegos. Valores ambientais.
2. Valor socioeconómico. Aproveitamentos.
3. Manexo, xestión e ordenación.
4. Ameazas e impactos. O lume.
5. Conservación e mellora.

Cada unidade consta do seguinte esquema:

- Presentación divulgativa de cada tema.
- Apoio: información complementaria e descrición das diapositivas.
- Cuestionario previo, para abordar ao comezo da actividade e cuestionario de avaliación e repaso.
- Actividades complementarias: análise de textos, experimentos e obradoiros, traballos en equipo... co fin de ilustrar ou aprofundar no tema correspondente.
- O material inclúe tamén bibliografía e ligazóns de internet relacionadas.

### 3. Metodoloxía

O material está deseñado para ser empregado na aula, en varias sesións. Contén actividades de reforzo e ampliación para poder atender a diversidade do alumnado. As actividades propostas son prácticas e precísase o uso de materiais que se poden atopar en calquera laboratorio ou no ámbito doméstico.

O esquema de traballo proposto é o seguinte:

#### - **Presentación e avaliación de conceptos previos.**

Propónse un cuestionario sobre diversos aspectos do monte. O alumnado ten que argumentar brevemente o seu grao de concordancia ou rexeitamento de cada un dos ítems formulados.

Recoméndase facelo en dinámica grupal, colocándose cada alumno nun punto da aula segundo a súa postura, sendo un extremo da aula a concordancia plena e o outro a discordancia total coa frase en cuestión, o que permite “tantear” visualmente tanto os conceptos previos do grupo sobre o tema, así como o funcionamento do grupo como tal.

As frases escollidas pretenden avaliar os conceptos previos, mais tamén crear unha certa expectación/preparación sobre os contidos que se van tratar.

#### - **Charla – coloquio.**

Apoiada pola presentación informática. Esta foi deseñada procurando poder ser impartida en 30 – 40 minutos e, coa acción do educador, estimular a participación do alumnado.

#### - **Actividades de repaso e avaliación.**

En forma dun cuestionario tipo test, a resposta correcta sinalase cun \* (lógicamente, este símbolo deberá ser eliminado nas copias entregadas ao alumnado), co fin de cuantificar con rapidez o resultado.

Porén, este sinxelo cuestionario é máis unha ferramenta de repaso e reforzo de conceptos que unha avaliación global da actividade, a cal deberá ser realizada polo educador en base a diversos factores: nivel de atención e participación, comparación cos conceptos previos, etc.

Coa mesma fin de servir de avaliación, propónse unha ficha de avaliación participativa de todo o programa, sinalando cada alumno cun punto de cor, mediante adhesivos, en cada un dos apartados a avaliar. Inclúese modelo na seguinte páxina.

#### - **Actividades complementarias.**

Análise de textos, experimentos e obradoiros, traballos en equipo... Co fin de ilustrar ou afondar no tema e servir de reforzo.


Todas as actividades propostas pretenden ser de doada realización con materiais e recursos accesibles no centro de ensino, seguras na súa execución (coas medidas de seguridade e precaucións básicas esixibles a este tramo de idades) e reproducibles con posterioridade mesmo no ámbito doméstico.

No referente á **temporalización**, o tempo mínimo para a realización dos aspectos máis básicos de cada unidade sería dunha clase (50 minutos, correspondente á charla – coloquio e unha breve avaliación). Porén, recoméndase dedicar, como mínimo, unha hora e media (é dicir, dúas clases, a poder ser consecutivas) a cada unidade.

A realización de todas as actividades complementarias e de reforzo propostas implicaría un alto número de horas, polo que se recomenda realizar unha selección das mesmas ou o seu uso como tarefas en horario non lectivo.



# Matriz de avaliación participativa



Árbores  
que dan  
Vida